



Concello da Laracha
Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña
Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331
Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413
C.I.F. P-1504200-E
www.alaracha.es

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA.-

ASUNTO: CONTRATACIÓN DOS ALUMNOS DE OBRADOIRO A LARACHA VII

EXPEDIENTE: 2021/G003/001129

Tendo en conta a resolución de concesión de subvención (15/0019/2021) para a realización do proxecto de obradoiro dual de emprego denominado “OBRADOIRO DE EMPREGO A LARACHA VII”,

O Concello da Laracha, seguindo o mesmo criterio para os procedementos de selección de persoal iniciou os 7 procedementos de selección, para a contratación de 25 persoas (20 alumnos traballadores e 5 traballadores que se ocuparán da dirección, docencia e laboral administrativa)

Despois de varias sesións levadas a cabo, os días 22 e 27 de outubro de 2021 publícanse os resultados definitivos do persoal seleccionado, elevándose a esta alcaldía as propostas de contratación.

Por Resolución de esta alcaldía nº 1070/2021 de data 28 de outubro de 2021, a vista das actas do Tribunal de selección resolveuse contratar aos traballadores e alumnos que se especificaban na dita resolución.

No día de hoxe, á vista da alegación presentada por unha das candidatas, o Tribunal de selección elevou a esta alcaldía a acta na que se estimaba a alegación presentada polo que a dita candidata resulta seleccionada para participar o Obradoiro. Ante esta situación, un dos candidatos seleccionados no Módulo de Pintura, Daniel Varela García, pasaría a estar na lista de reserva e non como candidato seleccionado, e outra das candidatas, Fátima Trigo Mallo, resultaría seleccionada para o módulo de Pintura e non para o de Atención Sociosanitaria.

En cumprimento do previsto no artigo 15.1.c do Texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado por Real Decreto Lexislativo 1/1995, de 24 de marzo, e tendo en conta as atribucións que me confiren os artigos 21.1.g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Deixar sen efecto a contratación dos Alumnos do Obradoiro de Emprego A Laracha VII, Daniel Varela García e Fátima Trigo Mallo, indicadas na Resolución de alcaldía nº 1070/2021, de data 28 de outubro de 2021, baixo a modalidade de contrato para a formación e aprendizaxe, dende o día 29 de outubro de 2021 ata o 28 de xullo de 2021. (9 MESES)

SEGUNDO.- Contratar a Sonia Festini Nogareda como Alumna da especialidade de atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais e a Fátima Trigo Mallo como Alumna de pintura industrial, baixa a modalidade de contrato para a formación e aprendizaxe, dende o día 29 de outubro de 2021 ato o 28 de xullo de 2021. (9 MESES)





Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

As retribucións que se aboaran os alumnos-traballadores será a contía equivalente ó Salario Mínimo Interprofesional vixente coa parte proporcional das pagas extraordinarias.

A xornada laboral será a tempo completo (40 horas/semanais) poderá ser a xornada partida ou continua; en todo caso o horario será o establecido polo responsable de persoal, coa autorización do alcalde – presidente. A contratación está condicionada ao cumprimento dos requisitos establecidos na Orde de 31 de decembro de 2020, que establece as bases reguladoras das axudas e subvencións para os talleres duales de emprego da Comunidade autónoma de Galicia.

De acordo ao artigo 14 do Estatuto dos Traballadores (Real Decreto Lexislativo 1/1995, do 24 de marzo) establece un período de proba de dous meses.

TERCEIRO.- Notificar a presente Resolución aos interesados cos recursos que procedan.

Asinado dixitalmente polo sr. Alcalde, José Manuel López Varela, do que eu secretario, Miguel Piñeiro Souto, dou fe.

